

# APRENDIZAXES DO PROXECTO SYMBIOS



O Proxecto Symbios – Eixo 4.80 do Fondo Social Europeo (FSE), é un proxecto transnacional impulsado pola Dirección Xeral de Familia e Inclusión da Xunta de Galicia que se encadra no Programa Operativo do Fondo Social Europeo 2007-2013 e ten como obxectivo o intercambio e a aprendizaxe sobre os desafíos do cambio demográfico e as súas consecuencias no benestar e na inclusión social.

O Proxecto Symbios explora a relación existente entre o cambio demográfico e a exclusión social e territorial, identificando as iniciativas que apuntan na dirección da inclusión social e da creación de emprego, iniciativas que poden mitigar os efectos do declive demográfico e garantir unha provisión de servizos suficiente e sustentable, que permita incrementar as expectativas de futuro das poboacións en zonas de risco demográfico.

O proxecto arrancou en 2013 e finaliza en 2015. Como resultado do traballo ao longo destes anos, o Proxecto Symbios identificou uns criterios para mellorar a planificación dos servizos de benestar nos territorios vulnerables, procurando a innovación necesaria para dotar de servizos de calidade aos ditos territorios e favorecendo un deseño territorial inclusivo, intelixente e sustentable, en coherencia coa estratexia Europa 2020.

O Proxecto Symbios desenvolveuse en tres fases. Na primeira realizouse unha aproximación académica á evolución demográfica e ao seu impacto no modelo actual de prestación dos servizos de benestar. Na segunda fase realizouse unha modelización a partir de diferentes experiencias que, fronte ao círculo vicioso da exclusión territorial, conseguen impulsar dinámicas “virtuosas” de inclusión. A última fase céntrase nos criterios que deben incorporarse á planificación pública para abordar a inclusión territorial. Como resultado e síntese de todo o proxecto elaboráronse estas propostas provisionais, que van ser contrastadas en diferentes territorios afectados pola crise demográfica.



## INCORPORAR A DIMENSIÓN TERRITORIAL NAS POLÍTICAS DE INCLUSIÓN: ABORDAR A EXCLUSIÓN TERRITORIAL

A exclusión territorial é un factor de vulnerabilidade que, xunto con outros factores, pode levar ás persoas a unha situación de exclusión social, ou a unha intensificación do proceso de quen xa se atopa nela.

Por mor da súa residencia, moitas persoas atopan máis dificultades para levar a cabo un proxecto de vida equiparable ao que sería posible noutros territorios.

A exclusión social atopa unha parte importante da súa raíz no territorio e debe ser abordada desde esta perspectiva, e non só tendo en conta os factores individuais ou persoais. Requírese, polo tanto, dunha intervención con perspectiva territorial.

Incorporar o concepto de exclusión territorial ten implicacións metodolóxicas e de contido. Por unha parte, é necesario contar con novos indicadores e novos criterios de asignación de recursos para atender a inclusión territorial desde a planificación pública.

A exclusión territorial actúa como acelerador do proceso de “expulsión” de residentes das zonas demograficamente vulnerables. Compensar ou mitigar tanto a exclusión “obxectiva” como a “percepción subxectiva” da exclusión por parte da poboación, especialmente a máis nova, é a condición necesaria para fixar poboación, eixe fundamental na planificación estratéxica para Galicia. En consecuencia, é necesario incorporar nos contidos da dita planificación actuacións que compensen as desvantaxes, deseñando liñas de acción positiva para os territorios vulnerables.





## GARANTIR A GOBERNANZA PARTICIPATIVA NA PLANIFICACIÓN, NA EXECUCIÓN E NA AVALIACIÓN DOS PROGRAMAS

Un departamento dunha Administración ou unha entidade social ou empresarial teñen, por si sós, unha capacidade limitada de impacto. Polo tanto, é necesario garantir a transversalidade dos diferentes programas, así como a colaboración dos diferentes departamentos das distintas Administracións e a participación activa das entidades da sociedade civil e da cidadanía.

A transversalidade entre os distintos departamentos dunha mesma Administración permite abordaxes integrais. A colaboración e coordinación entre a Administración europea, a central, a autonómica e a local contribúen á eficacia no uso dos recursos, e deben dar protagonismo ao ámbito local por ser o máis próximo á cidadanía e, en consecuencia, o que mellor coñece as súas necesidades (principio de subsidiaridade).

A participación cumpre un importante papel nas fases de deseño, execución e avaliación dos programas. A participación cidadá e a participación das entidades sociais e empresariais na planificación garanten a adecuación dos mesmos ás necesidades reais da poboación e permiten un maior grao de compromiso e implicación, que redunda nun maior impacto. A súa colaboración na execución dos programas mobiliza recursos e saberes técnicos e comunitarios e pode ser un factor clave para chegar a toda a poboación alí onde existe gran dispersión.





## IMPULSAR A INNOVACIÓN DESDE A IDENTIDADE

A identidade e a autoestima son elementos clave na busca do equilibrio territorial. É preciso superar o prexuízo colectivo que asocia a ruralidade co atraso, a ignorancia e a falta de confort, xa que o dito prexuízo expulsa á poboación e inhibe a chegada de novos e novas residentes. Polo tanto, é necesario que o traballo sobre o cambio dos estereotipos acompañe as oportunidades económicas e os servizos de benestar, para que se traduzan nunha opción desexable.

As metodoloxías de traballo deben tirar proveito dos saberes e a identidade local, evitando homologar os procedementos conforme aos modelos urbanos.

A recuperación e divulgación do patrimonio cultural valoriza a propia historia, aumenta a autoestima e, ao tempo, constitúe un importante activo económico. Dentro da orientación europea cara unha economía do coñecemento como estratexia de competitividade económica, a tradición e a diversidade cultural son un activo de primeira orde, xa que lle outorgan un valor diferencial aos servizos e produtos, facéndoos máis competitivos.

Poñer en valor a identidade local non significa pecharse á innovación. Pola contra, a innovación ten moitas máis posibilidades de éxito se se promove desde a identidade. Como factor de impulso, é necesario potenciar as redes de encontro e intercambio. Tamén debe terse en conta que o intercambio interxeracional permite a valorización e a conservación do patrimonio cultural rural.

A cuestión da identidade tamén debe contemplarse nas metodoloxías de participación, que deben adecuarse á identidade territorial e fortalecer a capacidade de resposta comunitaria. No medio rural existe unha tradición de participación comunitaria que ten as súas propias pautas: os traballos comunitarios, os consellos abertos, o coñecemento mutuo ou os espazos de encontro existentes deben ser as bases sobre as que se debe articular a participación.

Cómpre primar os procesos de abaixo a arriba, que poñan en valor á comunidade como un activo capaz de articular respostas ás súas necesidades, sendo o resto de axentes facilitadores das ditas respostas, sen suplantar á propia comunidade.



Por último, cabe insistir na necesidade de promover, por unha banda, espazos descentralizados e próximos de encontro e coñecemento mutuo, ademais de promover redes de conexión que favorezan a organización comunitaria e o desenvolvemento territorial, e por outra, máis alá do nivel local, promover a innovación nos territorios a través do intercambio entre diversos actores de distintas áreas territoriais con características específicas semellantes.



## PRESTAR UNHA ATENCIÓN ESPECÍFICA Á DIMENSIÓN TÉCNICA E PROFESIONAL



O persoal técnico que xestiona os distintos programas ten un coñecemento moi relevante sobre as necesidades e os procesos de prestación dos servizos, que debe aproveitarse para o seu adecuado deseño.

Tamén é necesario incorporar métodos de traballo para avanzar na coordinación e cooperación técnica entre os diferentes departamentos ou niveis das Administracións, de maneira que compartan os protocolos de actuación.

Especial atención requiren os procesos de avaliación como fases clave no desenvolvemento dos proxectos. Cómpre avanzar na utilidade da avaliación como instrumento de seguimento e monitorización da planificación. Para acadar a maior eficiencia e eficacia, é preciso medir os impactos e a súa relación coa dimensión económica, apoiándose na participación cidadá para contrastar a información dispoñible.

Así mesmo, a estabilidade e permanencia no tempo dos programas é un requisito necesario para acadar un grao óptimo de eficiencia e eficacia.

## REFORMULAR A FORMA DE PRESTACIÓN DOS SERVIZOS PARA GARANTIR A ACCESIBILIDADE



A dispersión da poboación, combinada co despoboamento e a desvertebración da resposta comunitaria, formula o reto da accesibilidade dos servizos, elemento central na análise da exclusión territorial. Para garantir o arraigo da poboación, os diversos servizos deben ser accesibles na proximidade, tomando en consideración que a parroquia é un espazo clave de articulación comunitaria.

Os criterios que é preciso incorporar na reformulación da forma de prestación dos servizos son a flexibilidade, a funcionalidade e a polivalencia. Para achegar os servizos ás persoas é preciso deseñalos de maneira participativa. Esta reformulación debe orientarse cara a unha maior flexibilidade e polivalencia.

As TIC cumpren un papel importante na reformulación e na accesibilidade dos servizos. Para ser inclusivas, as TIC deben desenvolverse en atención ás características e competencias das persoas usuarias e das infraestruturas de comunicación dispoñibles, ao tempo que se traballa na alfabetización dixital e na mellora das ditas infraestruturas, para reducir ou eliminar a fenda dixital.

Fronte a un modelo de prestación de servizos baseado en infraestruturas fixas, é necesario valorar as posibilidades dos servizos ambulantes ou itinerantes.





## PROCURAR QUE A CREACIÓN DE VALOR ECONÓMICO DERIVADA DA ACCIÓN PÚBLICA REDUNDE NO CONTORNO

Os servizos sociais de proximidade presentan unha boa calidade e unha adecuación ás necesidades da poboación ao tempo que xeran oportunidades de emprego no propio contorno, evitando que as ditas oportunidades de emprego marchen fóra. Outras actuacións públicas poden incorporar tamén este obxectivo, enfocándose a que o gasto se realice con perspectiva de investimento e repercuta o máximo posible na poboación local.



## ADAPTAR AS POLÍTICAS PÚBLICAS Á DIVERSIFICACIÓN DE MEDIOS DE VIDA EXISTENTE NO RURAL



Fronte ao concepto de emprego, os medios de vida no espazo rural adoitan ser diversificados. É necesario tomar en conta esta realidade e dar un soporte adecuado a esta diversificación, por exemplo con medidas fiscais e de flexibilización dos réximes de cotización á seguridade social que teñan en conta esta ocupación diversa.

As explotacións de pequeno tamaño, os traballos artesanais e a diversificación teñen potencial de desenvolvemento, adáptanse á estrutura da propiedade minifundista e ofrecen externalidades positivas na conservación ambiental e da paisaxe.

O impulso dun modelo de minifundio sustentable adecúa factores de identidade con factores de valor engadido que teñen éxito no mercado actual e externalidades positivas, como a custodia do territorio.

O medio e a paisaxe non son efecto único da natureza, senón que están conformados polo factor humano ao longo de moitas xeracións. Falar de custodia do territorio significa poñer en valor ese papel das persoas que habitan o medio, considerándoas un activo para a súa conservación.

A Administración ten que adaptar os seus criterios para non dificultar un medio de vida baseado na diversificación.

As normativas sectoriais que regulen os servizos públicos, singularmente os de coidados das persoas -maiores e meniños/as-, deben contemplar a singularidade das áreas rurais, así como o eventual impacto demográfico (perda de poboación) que pode implicar a súa aplicación estrita e estandarizada e, polo tanto, deberían prever excepcións para facilitar a súa adaptación ás peculiaridades das áreas rurais, sempre que tales excepcións permitan manter unha calidade mínima dos servizos e redunden na creación de oportunidades económicas para a poboación residente, mediante a diversificación e complementariedade de rendas.







## APROVEITAR OS RECURSOS RURAIS PARA O DESENVOLVEMENTO E A INCLUSIÓN

Identificáronse importantes recursos locais infrautilizados que poden facer das áreas rurais espazos de oportunidade para o emprendemento e a inserción: o ámbito forestal, a gandería e agricultura ecolóxicas, o turismo de natureza, o turismo cultural, a rehabilitación do patrimonio e da vivenda tradicional, etc.

Para favorecer estes emprendementos é preciso traballar de forma integral, contemplando, xunto cos aspectos da actividade económica, outros como o acceso á vivenda, á educación, o lecer ou as relacións comunitarias. Tamén é preciso vencer obstáculos relacionados co acceso ás terras.

O ámbito forestal e a agricultura social teñen un especial potencial para a inclusión das persoas con especiais dificultades de inserción laboral.

As actividades de horta, o coidado de animais, os oficios tradicionais ou a historia e as lendas locais son tamén recursos que se poden empregar para preservar a saúde física e mental das persoas maiores.

